Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

- 100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria
- 61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos





mercados da pesca

- 48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras
- 72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:08:06
Nº Rexistro: 30434
Data envío: 11/02/2022 13:08:06.028

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:08:02

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 23627**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723C, relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca"**, (publicada no BOPG número 216 do 21 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.





É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A. Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

- 100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria
- 61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos





mercados da pesca

- 48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras
- 72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:07:39
Nº Rexistro: 30431
Data envío: 11/02/2022 13:07:39.435

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:07:35

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 24763**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións do Goberno galego ante a finalización do período de consultas do expediente de regulación de emprego da empresa Vestas, de Chavín, en Viveiro"**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 1 de decembro, a directora xeral de Relacións Laborais, daba resposta á pregunta oral número de rexistro 24764 sobre as actuacións do Goberno galego ante a finalización do período de consultas do expediente de regulación de emprego da empresa Vestas, de Chavín, en Viveiro, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.

Tal e como sinalou a directora xeral, a Xunta de Galicia segue ao carón dos traballadores, e, pese aos atrancos, continuou a coas xestións de busca de inversores, aínda despois do cese da actividade industrial na planta.

Remitimos a ligazón á resposta:





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:01:14
Nº Rexistro: 30801
Data envío: 17/02/2022 13:01:14.036



Xacobeo 21-22

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=NjM4Y2MyNzltOWZmOS00ZTUwLTk1YzAtMmRiNjNkYjNjZGUy&start=5521>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:01:14
Nº Rexistro: 30801
Data envío: 17/02/2022 13:01:14.036

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 13:01:11

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar polo Pleno- **número 24874**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas está a tomar a Xunta de Galicia para evitar a discriminación das mulleres no deporte"**, (publicada no BOPG número 232, do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade e a Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"Os avances da igualdade de xénero na sociedade son incuestionables, pero continúan existindo obstáculos e comportamentos que dificultan e vulneran a igualdade efectiva entre homes e mulleres. O deporte, como fenómeno social, non é alleo a esta realidade. Por un lado, tense producido un innegable e importante avance do deporte feminino; por outro, continúan existindo realidades e feitos que seguen conculcando a necesaria igualdade, razón pola que é necesario seguir traballando en accións e políticas públicas.

No ámbito das súas competencias e funcións, a secretaría xeral para o Deporte realiza unha actuación activa a prol do desenvolvemento do deporte feminino, e a loita contra a desigualdade no deporte. Así, e xunto ás accións concretas de fomento do deporte feminino contempladas nas convocatorias de axudas a entidades deportivas ou nos convenios de colaboración coas federacións deportivas, a secretaría xeral para o Deporte desenvolve, en cooperación coa Consellería de Emprego e Igualdade, distintas medidas de prevención e actuación contra a violencia de xénero, e de sensibilización e promoción da igualdade como valor esencial para a convivencia.





Grazas a esta cooperación, e só neste último exercicio, convocáronse as axudas Reto Galicia-Tokio con Igualdade 2021 -executadas por 253.500 euros-, e o plan de Patrocinio de Alta Competición Feminino -254.000 euros-, que se sumaron as contías que, anualmente, a Xunta de Galicia destina ao patrocinio dos equipos de alto nivel, entre os que se inclúen tamén os femininos.

Estas actuacións inciden na importancia do deporte e das e dos deportistas, así como na loita pola igualdade efectiva de mulleres e homes, transmitindo a necesidade de seguir traballando pola tolerancia, a igualdade e a non violencia de xénero no deporte e na vida; o deporte, en definitiva, como medio fundamental para a educación da sociedade sen discriminación e que incumbe e afecta todas as persoas."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:18:40
Nº Rexistro: 30633
Data envío: 16/02/2022 11:18:40.109

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:18:37

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno, **número: 24885**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e Xosé Luis Bará Torres, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da concesión ou denegación da autorización de vertedura industrial solicitada por Tungsten San Finx"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da interpelación 24884 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de decembro de 2021.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?
id=MjRhZGI1YzgtMGUwNS00NzdkLWI0MzltZTMwODgzMjZlYmZk&start=8144](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjRhZGI1YzgtMGUwNS00NzdkLWI0MzltZTMwODgzMjZlYmZk&start=8144)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:01:07
Nº Rexistro: 30800
Data envío: 17/02/2022 13:01:07.255

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 13:01:04

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25085**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dun plan industrial para rescatar o estaleiro Barreras"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, con motivo do debate da pregunta 26704 que tivo lugar na sesión do 28 de xaneiro de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTQ4YWI3ZWmtMzJiOS00NDA4LTk0MzAtMjJlNGNiNTA3MDdk&start=1664>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 12:59:02
Nº Rexistro: 30692
Data envío: 16/02/2022 12:59:02.041

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 12:58:58

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25269**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a razón pola que o número de prazas vacantes e o índice de rotación do persoal funcionario ao servizo da Administración de xustiza de Galicia son superiores á media do resto das comunidades autónomas con competencias transferidas"**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"O número de prazas vacantes dos órganos xudiciais e fiscais vai parello a súa cobertura a través dos concursos de traslados para o caso de prazas sen titular ou aquelas outras de nova creación; tamén a través doutras figuras provense as desocupacións temporais para os casos en que a praza teña titular, estas son a comisión de servizos, a substitución ou a cobertura con persoal interino.

En primeiro lugar no que atinxe ao número de prazas vacantes desocupadas, o procedemento ordinario, principal e definitivo de cobertura, consiste no concurso de traslados que se debe convocar de xeito conxunto en todo o Estado e na mesma data, debido ao carácter de corpos nacionais dos funcionarios da Administración de xustiza (artigos 531 e 470 da LOPX); as prazas que non foron cubertas no concurso de traslados pasan a ter a consideración de desertas e son comunicadas ao Ministerio de Xustiza para seren tidas en conta na elaboración da oferta de emprego público, pois esta oferta, como tamén a convocatoria dos procesos selectivos lle corresponde ao Ministerio (artigo 482 da LOPX).





En segundo lugar, para o suposto de desocupacións temporais en que a praza ten titular, o tempo de cobertura varia en función da situación de desocupación, pero sempre cun tempo mínimo de tramitación produto dun proceso regulado e rexido polos principios de publicidade e transparencia; así determinadas prazas deben ser ofertadas a substitución entre persoal de carreira co seu debido proceso e prazos de publicidade e adxudicación e, subsidiariamente, cando non existan solicitudes válidas de titulares mediante persoal interino; outras ligadas a incapacidades temporais son ofertadas en función do tempo previsible de desocupación.

En definitiva, o dato de desocupación é dinámico e obedece a xubilacións, decesos, incapacidades temporais ou permisos a tempo total (liberacións sindicais), con carácter xeral, o que determina que mentres non se poida proceder á súa cobertura mediante o procedemento de concurso, débese acudir aos outros procedementos tamén regrados e previstos: substitucións e comisións de servizos entre persoal funcionario de carreira, así como, subsidiariamente, a través de persoal interino, procedementos que determinan o índice de rotación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:26:16
Nº Rexistro: 30563
Data envío: 15/02/2022 12:26:16.909

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:26:13

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25478**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o cumprimento do Plan de Infraestruturas xudiciais 2010-2015"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A planificación do 2009 como recollía o expositivo do plan trata dunha proxección, por iso a Xunta de Galicia xunto coa proxección de cargas de traballo e necesidades de novos órganos, tivo en conta diferentes ao longo destes anos pasados os proxectos de revisión da propia estrutura da demarcación territorial xudicial, de innovación de figuras organizativas como os tribunais de instancia, ou do re-deseño do Rexistro Civil.

En todo caso, realizáronse finalmente máis proxectos dos inicialmente previstos no Plan, acometéndose obras que inicialmente non estaban no plan (como a rehabilitación integral do edificio xudicial de Viveiro, a construción da sede do Servizo de Actos de Comunicación e Execución de Vigo, e mesmo se están a dar os pasos para construír en Santiago unha sede de referencia do Instituto de Medicina Legal de Galicia). E no que atinxe á Estrada, logo da cesión dun solar por parte do Concello en 2021, a construción dun novo edificio permitirá agrupar as dúas sedes actualmente separadas.

En definitiva, desde a posta en marcha deste plan, a achega da Xunta de Galicia a este en





**XUNTA
DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:18:19
Nº Rexistro: 30630
Data envío: 16/02/2022 11:18:19.703



Xacobeo 21-22

grandes obras superou os 120 millóns de euros, o maior investimento na Administración de Xustiza desde que a comunidade galega administra as súas competencias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:18:19
Nº Rexistro: 30630
Data envío: 16/02/2022 11:18:19.703

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:18:16

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25847**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proceso de renovación do Convenio en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"De acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia e na Lei 5/1997 de administración local de Galicia e na propia Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (artigo 36), correspóndelles ao órganos de goberno provinciais garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

Para dar cumprimento ao anterior, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP acordaron no ano 2013 a creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao





municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan obstáculos á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos.

Durante os tres anos de vixencia do convenio (2018-2021) a Comisión de Seguimento prevista no convenio e na que están representadas as deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) reuniuse a instancia de calquera das partes todas as veces que se considerou necesario.

Na orde do día da reunión da Comisión de seguimento do 20 de outubro de 2021 incluíuse como punto específico a renovación do convenio. En dita reunión unicamente a Xunta de Galicia realizou propostas para mellorar a atención a emerxencias completando todos os GES con 12 efectivos, incrementando as achegas económicas e equiparando o financiamento dos servizos municipais incluídos no convenio aos GES, ademais de crear un subGES no Grove. Estas propostas foron obxecto de debate en futuras reunións ata chegar a acordo para dar continuidade ao convenio.

As propostas da Xunta, baseadas no obxectivo de minimizar os tempos de resposta de xeito que toda a poboación de Galicia poda ter unha atención en caso de emerxencia en menos de 20 minutos, foron rexeitadas polas Deputacións da Coruña, Lugo e Pontevedra que non presentaron ningunha proposta alternativa e se limitaron a expoñer que non estaban dispostas a incrementar a súa contribución económica ao convenio, ao contrario do que ocorreu coa Deputación de Ourense, polo que finalmente se asinaron tres convenios, un entre a Xunta de Galicia, as Deputacións da Coruña e Lugo e a FEGAMP por un período de un ano nos mesmo termos que o convenio actual, outro entre a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e a FEGAMP por un período de tres anos coas melloras acordadas e un terceiro entre a Xunta de Galicia, a Deputación de Pontevedra e a FEGAMP por un período de dous anos nos mesmos termos que o convenio actual.





Nestes convenios, a Xunta de Galicia financia un 52,5% con cargo aos seus orzamentos e reafirma así o seu compromiso para colaborar coas administracións locais na prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, cuxa competencia corresponde aos órganos de goberno das Deputacións ou dos concellos segundo o caso.

A renuncia de varios concellos da montaña de Lugo a ser sede de GES fai que os servizos de atención a emerxencias mais próximos tarden en chegar mais do que sería desexable e co obxecto de resolver este problema no convenio recollese a creación de dous novos GES nesta zona, a cuxos efectos a Xunta de Galicia facilitou a Deputación as isócronas dos GES dos concellos de Fonsagrada e Becerreá aos efectos de que podan propor sedes alternativas.

Durante o período de vixencia dos novos convenios a Xunta de Galicia manterá a súa vontade de diálogo para escoitar as propostas dos modelos de atención ás emerxencias que cada Deputación, no exercicio das súas competencias, propoña e a súa dispoñibilidade de seguir cofinanciando estes servizos, tanto no que respecta aos gastos de funcionamento como a dotación de material e a formación do persoal”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:25:23
Nº Rexistro: 30557
Data envío: 15/02/2022 12:25:23.520

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:25:15

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número 25866**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto dos grupos de emerxencia supramunicipais da montaña de Lugo"**, (publicada no BOPG número 243 do 17 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"De acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia e na Lei 5/1997 de administración local de Galicia e na propia Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (artigo 36), correspóndelles ao órganos de goberno provinciais garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

Para dar cumprimento ao anterior, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP acordaron no ano 2013 a creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cubren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan obstáculos á hora de





intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos.

A renuncia de varios concellos da montaña de Lugo a ser sede de GES fai que os servizos de atención a emerxencias máis próximos tarden en chegar mais do que sería desexable e co obxecto de resolver este problema no convenio recollese a creación de dous novos GES nesta zona, a cuxos efectos a Xunta de Galicia facilitou a Deputación as isócronas dos GES dos concellos de Fonsagrada e Becerreá aos efectos de que poidan propor sedes alternativas".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:17:47
Nº Rexistro: 30627
Data envío: 16/02/2022 11:17:47.688

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:17:37

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18113**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas de seguridade e control de acceso nos edificios xudiciais de Galicia"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa POC rexistrada o 13.07.2021 número 18113 polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 17695 á cal se lle deu resposta por escrito o 17.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 208), remitíndose á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:29:35
Nº Rexistro: 30592
Data envío: 15/02/2022 12:29:35.046

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:29:32

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18194**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e don Ramón Fernández Alfonzo, sobre **"a relación e a situación en que se encontran as concesións de aproveitamentos hidroeléctricos outorgadas na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa-Augas de Galicia e as previsións do Goberno galego respecto da súa reversión á xestión pública"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Na Demarcación Hidrográfica Galicia-Costa hai 4 instalacións cuxo dereito concesional está en trámite de extinción por transcurso de prazo de vixencia e son o aproveitamento de Ponte Inferno, no río Verdugo; o de Güimil, no río Lambre; o de La Castellana, no río Mandeo e de Fervenzas, no río Vexo.

Todos estes procedementos están iniciados e pendentes da emisión do correspondente informe polo Servizo encargado de Augas de Galicia, no marco da tramitación establecida no Regulamento do dominio público hidráulico.

Respecto do aproveitamento hidroeléctrico no río Anllóns foi ditada xa a resolución declarativa da extinción do dereito concesional.

A finalización do prazo outorgado para as concesións representa unha causa de extinción dos títulos habilitantes, que está regulada expresamente na lexislación sectorial de aplicación.

Tamén está regulado o procedemento de extinción e a análise de alternativas existentes cara ao futuro do aproveitamento.



A extinción dos dereitos concesionais relativos ás concesións hidroeléctricas é unha cuestión complexa, que se está a desenvolver na Administración Hidráulica de Galicia, e que esixe unha análise en profundidade e caso por caso. Non se pode falar dunha solución xeral, porque cada caso ten as súas particularidades.

As decisións a este respecto en todas as concesións virán guiadas polo interese xeral, atendendo en cada caso concreto á súa rendibilidade social, patrimonial e natural.

Nos casos nos que resulte viable e exista posibilidade de elección da alternativa de continuidade da explotación hidroeléctrica, esta xestión realizarase mediante un modelo que reverta no interese público”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:02:38
Nº Rexistro: 30813
Data envío: 17/02/2022 13:02:38.487

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 13:02:35

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18259**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a reunión por parte do Goberno galego co sector das atraccións de feira para coñecer as súas achegas, tendo en conta o seu coñecemento, ante a necesidade de tomar medidas restritivas para facer fronte á covid-19"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"A irrupción da covid-19 no escenario mundial está a ter efectos non só sanitarios senón tamén sociais, económicos e laborais.

Consciente desta situación, a Xunta estivo e está ao carón dos sectores económicos máis afectados pola pandemia tal e como demostra a posta a disposición de medidas, a través de diferentes departamentos, e dos catro Plans de rescate impulsados pola Consellería de Emprego e Igualdade.

Estes instrumentos, mobilizaron máis de 416 millóns de euros baixo diferentes programas de axuda que contemplan a toda a comunidade autónoma de Galicia, e que atenden de xeito especial a determinados profesionais e negocios entre os cales





se atopa o sector das atraccións de feira.

Ademais, destácase o constante e fluído diálogo cos interlocutores sociais e os sectores afectados, neste sentido, sinálase que se mantiveron contactos con representantes deste sector de traballadores autónomos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:10:01
Nº Rexistro: 30448
Data envío: 11/02/2022 13:10:01.742

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:09:59

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18278**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade respecto da adxudicación, no primeiro semestre de 2021, das obras de construción dunha senda peonil e ciclista entre A Moureira e Palmás, no concello de Moaña, e as súas razóns para non consignar para o ano 2021 o orzamento necesario para a súa execución"**, (publicada no BOPG número 175 do 28 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Nos últimos anos o maior investimento en infraestruturas viarias da Xunta de Galicia correspondeuse coa autovía do Morrazo, que dá servizo principalmente aos concellos de Moaña, Cangas e Bueu. Ademais, a través da Axencia Galega de Infraestruturas estase a traballar para mellorar de modo moi intenso a rede viaria de titularidade autonómica na península do Morrazo

Deste xeito, estase a desenvolver o Plan de Sendas da Comarca do Morrazo, co que a Xunta está a habilitar en estradas autonómicas 8 itinerarios peonís seguros, sostibles e integrados na paisaxe.

Respecto a Moaña, no mes de marzo aprobáronse as expropiacións da senda entre A Moureira e Palmás, na PO-551, en Domaio. Tras someter o proxecto a información pública e como resultado das suxestións recibidas, a Xunta aumentou en 300 metros o treito de actuación, de modo que se conectase coa beirarrúa existente no lado de Meira. O pasado 8 de marzo ditouse a resolución pola que se aproba definitivamente o proxecto da senda na PO-551, treito A Moureira - Palmás. Contará cun orzamento próximo aos 1,7 millóns de euros e cun prazo de execución de 12 meses.



A Xunta de Galicia tamén está a promover as actuacións necesarias para eliminar os treitos de concentración de accidentes na rede autonómica de estradas no Morrazo. As actuacións previstas na PO-551, ao seu paso polo Concello de Moaña, son a mellora da seguridade viaria entre os puntos quilométricos 29+000 e 32+700, que está en execución, e entre os puntos quilométricos 21+100 e o 23+000.

En síntese, a Xunta de Galicia está a traballar para a mellora da rede viaria autonómica na península do Morrazo, con actuacións que implican un investimento de 8,5 millóns de euros. Esta programación de actuacións responde a criterios obxectivos, como son o cálculo coa metodoloxía establecida dos treitos de concentración de accidentes e a estratexia para a sendas na comarca do Morrazo, que se pode consultar na páxina web da Axencia Galega de Infraestruturas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:02:25
Nº Rexistro: 30811
Data envío: 17/02/2022 13:02:25.191

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 13:02:22

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18503**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Manuel Álvarez Martínez e dona Patricia Otero Rodríguez, sobre **"a valoración do Goberno da Xunta de Galicia respecto do cumprimento das obrigas establecidas na Lei 9/2019, do 11 de decembro, de medidas de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario"**, (publicada no BOPG número 176 do 29 de xullo de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Actualmente estase a avanzar no cumprimento das obrigas establecidas na Lei de garantía do abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario. Para elo, a Xunta de Galicia está a realizar un importante esforzo e está a apoiar técnica e financeiramente aos concellos.

Desde 2019 tramitáronse ordes de axudas para subvencionar a elaboración de plans municipais coa fin de colaborar cos concellos máis pequenos para que tamén poidan ter unha planificación axeitada, o que permitiu que, neste momento, 107 concellos contan con plans fronte a seca redactados ou en fase de redacción.

Tamén se convocaron axudas para os pequenos abastecementos e para as comunidades usuarios, así como para a adquisición e instalación de dispositivos de medición do caudal captado en sistemas de abastecemento de titularidade local da Comunidade Autónoma de Galicia.



A Administración autonómica tamén prestou apoio para a elaboración de plans municipais de abastecemento autónomo.

A proposta de Plan especial de seca da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa e o documento ambiental estratéxico atópanse en información pública e os documentos poden consultarse na páxina web oficial de Augas de Galicia.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 16:30:00
Nº Rexistro: 30847
Data envío: 17/02/2022 15:20:09.610

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 15:20:04

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18639**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da redefinición e da planificación das obras que vai realizar a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no contorno do pavillón dos Remedios, na cidade de Ourense, nomeadamente na proximidade da ponte romana e do futuro Skate Park"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 29 de xaneiro de 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense para a execución das obras da segunda fase da posta en valor da Ponte Vella de Ourense.

O proxecto, redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas e dirixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, contempla a retirada do actual "skatepark", situado nas proximidades da Capela dos Remedios, e a súa substitución por un novo, a instalar no Parque do Couto.

O deseño e o novo emprazamento desta nova instalación deportiva foron aportados ao proxecto pola Concellería de Deportes do Concello de Ourense. De feito, na comisión de seguimento do convenio, integrada por representantes de todas as administracións asinantes, os representantes do Concello de Ourense trasladaron que o proxecto do 'skatepark' foi redactado por un técnico especialista neste tipo de instalacións.

Esta parte da obra xa está completamente rematada, polo que o pasado 23 de abril de 2021 acordouse a súa posta en servizo para o uso público, o que permite aos rapaces de Ourense dispoñer dunhas instalacións para a práctica deste deporte cando se inicie o





desmantelamento das actuais instalacións para poder urbanizar a contorna da Capela dos Remedios.

Ademais da pista para monopatíns, o proxecto que remitiu o Concello de Ourense para a súa inclusión no proxecto das obras da segunda fase da posta en valor da Ponte Vella, contén a construción dunha pista para bicicletas (denominada 'pumptrack'). Esta pista estaba previsto instalala no mesmo Parque do Couto, próxima á pista de 'skate'. Non obstante, durante a execución das obras detectouse a existencia de arquetas de gas, actualmente en servizo. Tras contactar coa empresa distribuidora, considerouse, por razóns de mantemento e explotación así como de seguridade da instalación, que as arquetas de gas son incompatibles coa infraestrutura deportiva. Por este motivo, na comisión de seguimento do convenio acordouse un emprazamento alternativo para o 'pumptrack' nas instalacións municipais existentes no Parque das Letras. O proxecto co novo emprazamento da pista de bicicletas foi realizado polo técnico especialista neste tipo de instalacións, que o Concello de Ourense remitiu á Axencia Galega de Infraestruturas para a súa execución. As obras están practicamente rematadas e, nos próximos días, procederase a súa recepción".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:09:54
Nº Rexistro: 30447
Data envío: 11/02/2022 13:09:54.118

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:09:51

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18686**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer convenios de colaboración con determinados concellos galegos e a valoración do Goberno galego sobre os obxectivos acadados"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"As actuacións levadas a cabo por Augas de Galicia nos últimos anos son, na súa meirande parte, financiadas con fondos europeos. A este respecto, sinalar que os distintos programas operativos europeos xa indican a tipoloxía de actuacións que se poden executar, establecendo criterios e procedementos de selección de actuacións. Na selección de actuacións efectuada participaron todas as peticións solicitadas a Augas de Galicia.

Os criterios recóllense nos propios programas operativos dos fondos. Os textos íntegros dos convenios acordados envíanse para a súa publicación.

Cómpre lembrar que o artigo 15 de Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, impón a cada consellería ou entidade da Xunta de Galicia a obriga de publicar no Diario Oficial de Galicia unha relación dos convenios de colaboración subscritos no cuadrimestre anterior.



En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos por Augas de Galicia, co seu obxecto, contía e data de sinatura, envíanse, nos prazos e conforme á tramitación correspondente, para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia e no Portal de Transparencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 12:59:23
Nº Rexistro: 30695
Data envío: 16/02/2022 12:59:23.462

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 12:59:20

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número: 18696**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración por parte do Goberno galego dos convenios de colaboración asinados pola Axencia Galega de Infraestruturas con determinados concellos galegos nos últimos anos e os criterios empregados para establecelos nos anos 2020 e 2021"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Cada un dos convenios subscritos pola Axencia Galega de Infraestruturas con concellos galegos busca solucionar unha problemática relevante desde o punto de vista da seguridade viaria e da funcionalidade da rede de estradas; ou ben vai asociada a cambios de titularidade de treitos da rede autonómica que se transfere á entidade local correspondente; ou se trata de actuacións sobre a propia rede de estradas ou a súa contorna, nas que os concellos colaboran para o seu desenvolvemento coa achega dos terreos necesarios para a execución das obras.

En cumprimento da normativa vixente, os convenios de colaboración subscritos entre a Axencia Galega de Infraestruturas e os distintos concellos galegos na X lexislatura publicáronse no Diario Oficial de



Galicia, na Base de Datos Nacional de Subvencións e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:21:59
Nº Rexistro: 30661
Data envío: 16/02/2022 11:21:59.574

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:21:57

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18729**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Luís Bará Torres, sobre **"a actuación da Xunta de Galicia en relación coa elaboración e a aprobación inicial da relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Administración de xustiza en Galicia"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa POC rexistrada o 19.07.2021 núm. 18729 e coa POP rexistrada o 18.08.2021 núm. 20149 polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, cómpre sinalar que dita iniciativa reproduce a núm. 9287 á cal se lle deu resposta por escrito o 06.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 199), remitíndose á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:29:21
Nº Rexistro: 30590
Data envío: 15/02/2022 12:29:21.218

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:29:18

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18731**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Luís Bará Torres, sobre **"a valoración que fai o Goberno galego dos resultados das obras de mellora da eficiencia enerxética executadas nos últimos anos nos edificios administrativos e xudiciais de Galicia"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Estes últimos anos a Xunta de Galicia adoptou un conxunto de medidas que, agrupadas, posibilitan acadar unha administración máis eficiente no uso dos recursos públicos e máis aberta, entendible e simplificada dende o punto de vista da relación cos cidadáns e tamén das empresas. O contexto de crise sanitaria exige profundizar na eficiencia no uso dos recursos públicos e continuar na realización de investimentos en infraestruturas que presten servizos básicos aos cidadáns cara a unha economía dixital e verde.

Así, dende o ano 2009, a Xunta de Galicia apostou pola mellora das infraestruturas xudiciais xa existentes e pola creación de novos edificios que permitisen uns medios máis adecuados para a Xustiza e con visión de futuro para a creación de novas unidades xudiciais.

A día de hoxe, a Xunta leva destinado desde 2009 máis de 122 millóns de euros á mellora das infraestruturas xudiciais.

No ámbito das infraestruturas administrativas, desde o 2015 vén asignando tamén importantes recursos económicos ao mantemento e mellora continua dos edificios administrativos xestionados por esta Administración.

Neste ámbito de actuación, nos últimos anos, puxéronse en marcha distintos proxectos de mellora das infraestruturas administrativas que acadan uns investimentos de máis de 20,3





millóns de euros.

Estas actuacións de mellora inclúen desde a construción de edificios administrativos e xudiciais de nova planta ata a completa rehabilitación doutros; así como a realización de obras menores e traballos de mellora da eficiencia enerxética.

Concretamente no ámbito da administración de Xustiza, construíronse novos edificios xudiciais. Xa rematados e en pleno funcionamento están os de Santiago de Compostela, Ourense, Pontevedra e Tui.

Tamén se rehabilitaron edificios como a Fábrica de Tabacos na Coruña e o de Ferrol, Carballiño, Viveiro, e dotouse dunha nova sede ao Servizo de Notificacións e Embargos de Vigo.

Salientar que en 2022, coa finalización da Cidade da Xustiza en Vigo, terase realizado o investimento máis ambicioso da Xunta desde que se transferiron as competencias de Xustiza.

Así mesmo, no ámbito das infraestruturas administrativas realizáronse obras de rehabilitación de edificios como o de Benito Corbal en Pontevedra e obras de mellora nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía dos edificios administrativos da Xunta en Lugo, Coruña, Pontevedra, Ourense, Ferrol e Santiago de Compostela e, no Pazo de Raxoi, coa substitución das fiestras.

Tamén se acometeron actuacións para mellora da eficiencia enerxética realizadas nos edificios administrativos de Santiago de Compostela, A Estrada, Ourense, Pontevedra e Vigo, ademais da que está actualmente en execución no edificio administrativo de Lugo.

O investimento en obras de mellora da eficiencia enerxética realizadas ata o momento en edificios administrativos ascendeu a 16,9 millóns de euros e a 6,4 millóns de euros en edificios xudiciais e con elas conseguiuase diminuír o consumo enerxético asociado á utilización dos edificios obténdose ademais importantes reducións de emisións de gases contaminantes á atmosfera, en liña co establecido na Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050.





Estes investimentos en infraestruturas xudiciais e administrativas están xa a producir grandes beneficios anuais, cunha redución das emisións de CO2 de máis de 2.600 toneladas de CO2, uns aforros nos consumos de máis de 12 millóns de quilovatios e uns aforros que se aproximan a 1 millón de euros anuais.

Seguindo esta liña, continuarase coas tarefas xa iniciadas en anos anteriores en materia de eficiencia enerxética, avanzando en novas actuacións nas envolventes de xulgados e instalando iluminación e equipos de ventilación e climatización ecoloxicamente sostibles. Destacan, tamén, aqueles proxectos de eficiencia enerxética previstos para 2022 nos edificios administrativos da Xunta de Galicia en Coruña e Ferrol.

Cómpre ter presente que estas e outras medidas de racionalización implantadas dende 2009 permitiron un promedio anual de gasto corrente inferior en 1,9 millóns de euros, ao efectuado en 2008 e, un aforro neto acumulado, a 31 de decembro de 2020, de 22.594.654 euros.

Con isto conseguíuse facer fronte aos incrementos derivados do IVE, da subida da luz, do combustible e da auga, dos novos convenios de aplicación nos sectores de limpeza e seguridade, así como dos producidos pola entrada en funcionamento de novos edificios”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:29:14
Nº Rexistro: 30589
Data envío: 15/02/2022 12:29:14.515

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:29:12

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18742**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Luís Bará Torres, sobre **“os efectos na xustiza de Galicia da eventual aprobación da Lei orgánica de eficiencia organizativa do Servizo Público de Xustiza”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa POC rexistrada o 19.07.2021 núm. 18742 polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, cómpre sinalar que dita iniciativa reproduce a núm. 15644 á cal se lle deu resposta por escrito o 06.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 199), remitíndose á mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:29:07
Nº Rexistro: 30588
Data envío: 15/02/2022 12:29:07.437

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:29:05

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18743**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do desenvolvemento da Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"En relación coa pregunta rexistrada o 19.07.2021 núm. 18743 polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 15823 á cal se lle deu resposta por escrito o 06.09.2021 (data da notificación aos Sres. Deputados), remitíndose á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:29:00
Nº Rexistro: 30587
Data envío: 15/02/2022 12:29:00.640

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:28:58

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18745**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e don Luís Bará Torres, sobre **“as previsións da Xunta de Galicia de lle comunicar ao Goberno do Estado a necesidade de dotar Viveiro cun novo xulgado de primeira instancia e instrución e a de ampliar o cadro de persoal”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En relación coa POC rexistrada o 19.07.2021 núm. 18745 polo G.P. do Bloque Nacionalista Galego, cómpre sinalar que a dita iniciativa reproduce a núm. 16540 á cal se lle deu resposta por escrito o 06.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 200), remitíndose á mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:28:54
Nº Rexistro: 30586
Data envío: 15/02/2022 12:28:54.141

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:28:51

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18751**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto da resolución das dificultades para dispor de socorristas nas instalacións municipais acuáticas de Galicia"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A pesar de que a contratación dos socorristas nos concellos galegos é unha competencia municipal, ao abeiro do artigo 115 da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de Costas, e do artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, nestes anos a Xunta de Galicia, ademais de garantir que a formación dos socorristas sexa acorde á importante labor que deben realizar nos ámbitos da prevención de accidentes e no rescate e primeira intervención para socorrer aos bañistas en perigo, está a colaborar cos concellos no exercicio desta competencia.

Esta colaboración materialízase en varios ámbitos:

1. Financiamento da formación, neste senso debe terse en conta que dende a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego e Igualdade se levan financiado dende o ano 2012 máis de 60 accións formativas dos Certificados profesionais de Socorrismo.

Estas accións formativas, que non teñen ningún custo para o alumno, foron impartidas por diferentes entidades, tales como Cruz Vermella, FESSGA ou AGASP, entre outras. Neste senso, son tamén varios os concellos que teñen solicitado estas actividades (Foz, Xove, etc.) ou incluso financiado ditas accións formativas con fondos municipais (Oleiros).





Ademais, desde o ano 2017, se levan impartido 70 cursos de adaptación da actividade física e deportiva ao socorrismo en instalacións acuáticas e en espazos acuáticos naturais.

2. Así mesmo, a Xunta de Galicia colabora dunha forma continuada no financiamento da contratación de persoal: Así, no ano 2019 se concederon mais de 870.000 euros de axudas para a contratación de socorristas en espazos acuáticos naturais polos concellos, no ano 2020 1.042.883 euros e no ano 2021, 1.500.000 euros

3. Dotación de medios de intervención para os concellos a través da Vicepresidencia primeira.

4. Elaboración un plan específico de salvamento en praias no que se recollen novas ferramentas que garanten unha maior axilidade na comunicación entre os servizos de socorrismo e o CIAE 112.

Como se indica, a Xunta de Galicia apoia aos concellos no exercicio desta competencia, pero son as entidades contratantes destes traballadores os que teñen que fixar a duración dos contratos e as retribucións dos mesmos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:28:46
Nº Rexistro: 30585
Data envío: 15/02/2022 12:28:46.984

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:28:44

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18783**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego respecto da redefinición da planificación das obras da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade no contorno do pavillón dos Remedios, no concello de Ourense, nomeadamente no contorno da ponte romana e do futuro Skate Park"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O 29 de xaneiro de 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a Axencia Galega de Infraestruturas e o Concello de Ourense para a execución das obras da segunda fase da posta en valor da Ponte Vella de Ourense.

O proxecto, redactado pola Axencia Galega de Infraestruturas e dirixido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, contempla a retirada do actual 'skatepark', situado nas proximidades da Capela dos Remedios, e a súa substitución por un novo, a instalar no Parque do Couto.

O deseño e o novo emprazamento desta nova instalación deportiva foron aportados ao proxecto pola Concellería de Deportes do Concello de Ourense. De feito, na comisión de seguimento do convenio, integrada por representantes de todas as administracións asinantes, os representantes do Concello de Ourense trasladaron que o proxecto do 'skatepark' foi redactado por un técnico especialista neste tipo de instalacións.

Esta parte da obra xa está completamente rematada, polo que o pasado 23 de abril de 2021 acordouse a súa posta en servizo para o uso público, o que permite aos rapaces de Ourense dispoñer dunhas instalacións para a práctica deste deporte cando se inicie o





desmantelamento das actuais instalacións para poder urbanizar a contorna da Capela dos Remedios.

Ademais da pista para monopatíns, o proxecto que remitiu o Concello de Ourense para a súa inclusión no proxecto das obras da segunda fase da posta en valor da Ponte Vella, contén a construción dunha pista para bicicletas (denominada 'pumptrack'). Esta pista estaba previsto instalala no mesmo Parque do Couto, próxima á pista de 'skate'. Non obstante, durante a execución das obras detectouse a existencia de arquetas de gas, actualmente en servizo. Tras contactar coa empresa distribuidora, considerouse, por razóns de mantemento e explotación así como de seguridade da instalación, que as arquetas de gas son incompatibles coa infraestrutura deportiva. Por este motivo, na comisión de seguimento do convenio acordouse un emprazamento alternativo para o 'pumptrack' nas instalacións municipais existentes no Parque das Letras.

O proxecto co novo emprazamento da pista de bicicletas foi realizado polo técnico especialista neste tipo de instalacións, que o Concello de Ourense remitiu á Axencia Galega de Infraestruturas para a súa execución. As obras están practicamente rematadas e, nos próximos días, procederase a súa recepción".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:09:38
Nº Rexistro: 30445
Data envío: 11/02/2022 13:09:38.556

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:09:30

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18902**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **“a elaboración por parte da Xunta de Galicia, en coordinación cos diferentes colexios de avogados do territorio, dun protocolo de saúde e prevención de riscos laborais para que as letradas e os letrados da quenda de oficio poidan prestar a súa función en condicións seguras para a saúde”**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

“En relación coas POC rexistrada o 20.07.2021 núm. 18901 e 18902 polo G.P. dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que ditas iniciativas reproducen a núm. 9981 á cal se lle deu resposta por escrito o 03.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 199), remitíndose á mesma”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:21:45
Nº Rexistro: 30659
Data envío: 16/02/2022 11:21:45.981

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:21:43

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 18904**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"a petición de desculpas por parte do presidente da Xunta de Galicia en relación co cuestionamento público do labor exercido polos corpos e forzas de seguridade durante esta pandemia"**, (publicada no BOPG número 184 do 10 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"En relación coas preguntas orais rexistrada o 20.07.2021 núm. 18903 e 18904 polo G.P. dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que as ditas iniciativas reproduce a núm. 10019 á cal se lle deu resposta por escrito o 22.10.2021 (publicación da resposta no BOPG núm 218), remitíndose á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:21:31
Nº Rexistro: 30657
Data envío: 16/02/2022 11:21:31.856

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:21:29

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19023**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia relacionadas co labor de control e vixilancia da execución da obra do complexo hospitalario Gran Montecelo, de Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"O control e vixilancia da obra do Hospital Gran Montecelo será garantido polos mecanismos que sistematicamente aplica a Xunta de Galicia na execución das súas obras de edificación de equipamentos públicos. Isto é cun equipo de Dirección de obra e de Dirección de execución, conformados de acordo co establecido na Lei de Ordenación da Edificación; cun equipo técnico da Axencia Galega de Infraestruturas, cun técnico responsable do contrato, e coordinado co Sergas tanto na parte técnica como asistencial e cun control de calidade da execución das obras por laboratorio acreditado, que é supervisado tanto pola Dirección de obra e de execución, como polos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas. O obxectivo mesmo da actuación é a mellora da asistencia sanitaria á cidadanía, e o orzamento é o axustado e necesario para a importantísima mellora de servizo que implicará a posta en marcha da nova infraestrutura".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:09:17
Nº Rexistro: 30443
Data envío: 11/02/2022 13:09:17.353

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:09:14

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19115**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a procura por parte da Xunta de Galicia dunha nova localización para a empresa Ence"**, (publicada no BOPG número 185 do 11 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 19114 que tivo lugar na sesión plenaria do 29 de setembro de 2021. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=M2M2NmJjMTktOTRkYy00MDk1LTgxNGYtNjMzMmZiNmQ5NTlk&start=12794>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:21:24
Nº Rexistro: 30656
Data envío: 16/02/2022 11:21:24.778

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:21:21

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 19139**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a necesidade de elaborar e aprobar, coa participación de todos os ámbitos institucionais e sociais, unha nova estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, acorde coa Lei europea do clima e co mandato de negociación aprobado polo Parlamento Europeo, así como de crear un organismo independente para avaliar o seu desenvolvemento”**, (publicada no BOPG número 186, do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aprobou en 2019 a Estratexia de Cambio Climático e Enerxía 2050. Actualmente, o Goberno galego traballa na que será a primeira Lei do Clima de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:21:03
Nº Rexistro: 30653
Data envío: 16/02/2022 11:21:03.153

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:21:00

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 19140**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da aprobación dos plans reitores de uso e xestión dos parques naturais pendentes e dos plans específicos de conservación para cada un dos espazos inseridos na Rede Natura 2000, así como respecto da ampliación desta e da creación do fondo de conservación da natureza”**, (publicada no BOPG número 186, do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

“O Consello da Xunta aprobou o pasado 3 de febreiro de 2022 o Plan reitor de uso e xestión (PRUX) do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés. Ademais, en 2022 avanza tamén na elaboración do Plan reitor de uso e xestión das Fragas do Eume, o único pendente e co que se remataría o proceso de actualización normativo impulsado pola Xunta en todos os parques naturais galegos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:20:56
Nº Rexistro: 30652
Data envío: 16/02/2022 11:20:56.325

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:20:52

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19217**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Luís Bará Torres e don Manuel Lourenzo Sobral, sobre **"a xestión do Goberno galego en relación coa contaminación por mercurio detectada na contorna do complexo industrial de Ence e Elnosa en Lourizán, en Pontevedra"**, (publicada no BOPG número 186 do 12 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda**, que ten o seguinte contido:

"Desde a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda levase a cabo un control e supervisión exhaustiva do proceso de desmantelamento de Elnosa e do solo e augas subterráneas de Ence".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:28:40
Nº Rexistro: 30584
Data envío: 15/02/2022 12:28:40.266

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:28:38

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19420**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"as actuacións previstas polo Goberno galego para resolver as deficiencias e as carencias existentes nas instalacións do Xulgado de Garda da Coruña"**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"En relación coas preguntas rexistrada o 26.07.2021 núm. 19419 e 19420 polo G.P. dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que ditas iniciativas reproducen a núm. 14641 á cal se lle deu resposta por escrito o 03.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm. 199), remitíndose á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:20:40
Nº Rexistro: 30650
Data envío: 16/02/2022 11:20:40.482

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:20:37

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19489**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a seguridade na estrada PO-322 no lugar da Xesteira, concello de Cerdedo-Cotobadee"**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"En primeiro lugar, débese indicar que a clave da estrada que figura nesta pregunta parlamentaria é incorrecta. Polo núcleo de Xesteira, no concello de Cerdedo- Cotobade, transcorre a estrada PO-233, de titularidade autonómica, e non a PO-322 clave que non existe. Concretamente o núcleo de Xesteira está entre punto quilométrico 5+200 e o 6+100 da citada estrada.

Respecto da accidentalidade neste punto, a Axencia Galega de Infraestruturas redacta anualmente a Memoria de Seguridade Viaria, documento que recolle unha comparativa dos accidentes con vítimas dos cinco anos anteriores e unha análise detallada dos accidentes rexistrados no ano anterior á súa edición. Un dos obxectivos desta análise é poder tomar as medidas oportunas para reducir o número de accidentes, así como a gravidade destes, e, como obxectivo prioritario, a eliminación dos treitos de concentración de accidentes (TCAs). Un TCA defínese como o tramo dun quilómetro no que se rexistra unha perigosidade superior á media e a súa identificación permite programar de modo obxectivo as actuacións en materia de seguridade viaria.

A fonte de datos que manexa a Xunta de Galicia en relación cos accidentes de tráfico é a Dirección Xeral de Tráfico. Segundo a dita fonte os accidentes rexistrados na estrada PO-





233, entre os puntos quilométricos 5+200 e 6+100, núcleo de Xesteira, desde o ano 2016 ata o 31 de decembro de 2021 son os seguintes:

Accidente 27/04/2017, PK 5,80. Factor conconrente: condución distraída.

Accidente 08/06/2020, PK 6,10. Factor conconrente: velocidade inadecuada.

Accidente 11/05/2021, PK 5,80. Factor conconrente: non respectar a prioridade.

En base ao anterior, o punto obxecto desta pregunta non aparece recollido nas Memorias de Seguridade Viaria da Axencia Galega de Infraestruturas, anos 2016-2020, como treito de concentración de accidentes”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:09:02
Nº Rexistro: 30441
Data envío: 11/02/2022 13:09:02.526

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:08:59

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19510**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia respecto do Grupo de Emerxencias Supramunicipal de Sanxenxo"**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"En relación coas preguntas rexistradas o 27.07.2021 núm. 19509 e 19510 polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, cómpre sinalar que as ditas iniciativa reproducen a núm. 15976 á cal se lle deu resposta por escrito o 03.09.2021 (publicación da resposta no BOPG núm 200), remitíndose á mesma".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:20:26
Nº Rexistro: 30648
Data envío: 16/02/2022 11:20:26.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:20:22

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 19549**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do persoal do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e, nomeadamente, da escola infantil As Galeras, de Oleiros”**, (publicada no BOPG número 181 do 5 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social**, que ten o seguinte contido:

“En relación á situación dos traballadores e traballadoras do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, indicar que o Goberno galego está a cumprir o acordo asinado en marzo de 2017 cos sindicatos CC.OO, UGT e CIG para a integración do persoal deste ente autonómico no Convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

A través deste acordo, que ademais foi ratificado por unanimidade polos catro comités provincias de empresa do Consorcio, fóronse mellorando as condicións laborais do persoal deste ente público, con medidas como a equiparación tanto do salario como da xornada laboral e do réxime de permisos, licencias e vacacións co resto do persoal da Xunta de Galicia ou o pago de trienios; entre outras cuestións que se recollen no texto.

Este acordo tamén preveía que as prazas do persoal do Consorcio ocupadas interinamente por persoal temporal ou indefinido non fixo serían incluídas na Oferta de Emprego Público (OPE) da Xunta de Galicia, tal e como se fixo en 2020 e 2021. Recentemente, en decembro de 2021, aprobouse a nivel estatal a ‘Lei 20/2021, de 28





de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público', lei que ten carácter básico e que a Xunta de Galicia ten a obriga de cumprir. Neste momento estase a facer o correspondente estudo da nova normativa para a súa aplicación no ámbito da Administración autonómica, e tamén por tanto, ao persoal do Consorcio.

Por outra banda, a Xunta de Galicia respecta as sentenzas xudiciais".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/01/2022 11:50:53
Nº Rexistro: 28103
Data envío: 18/01/2022 11:50:53.450

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/01/2022 11:50:50

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 20454**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o mantemento do protocolo Fisiocovid no ámbito do deporte federado en Galicia"**, (publicada no BOPG número 193 do 31 de agosto de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"O desenvolvemento da actividade deportiva competitiva na Comunidade Autónoma estase a producir no actual contexto de forma satisfactoria para o conxunto do sistema deportivo. As normas ditadas polas autoridades sanitarias, entre elas as relativas ao protocolo Fisiocovid-DxTgalego, e a colaboración entre as administracións e os axentes deportivos teñen posibilitado un desenvolvemento adecuado dos adestramentos e da competición, permitindo unha reactivación maioritaria do deporte en Galicia. Nesta liña, as sucesivas medidas que se vaian adoptando no ámbito da práctica deportiva federada e non federada, virán establecidas en atención ás normas e condicións que se establezan polas autoridades sanitarias".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:01:43
Nº Rexistro: 30805
Data envío: 17/02/2022 13:01:43.410

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 13:01:41

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:19:29
Nº Rexistro: 30640
Data envío: 16/02/2022 11:19:29.280

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:19:26

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21071**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e don Juan Carlos Francisco Rivera, sobre **"a colaboración co concello de Negreira para a construción dun módulo de atletismo"**, (publicada no BOPG número 198 do 15 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral para o Deporte valora positivamente esta colaboración, o que posibilitou, e se trasladou, aos responsables municipais nunha visita ao concello para coñecer as posibilidades de acometer un módulo exterior de atletismo entre as administracións autonómica, provincial e local. Para este cometido, a Secretaría Xeral xa iniciou as conversacións co concello de Negreira. Ademais, nas últimas datas (18 de xaneiro de 2022) a Secretaría Xeral para o Deporte remitiu unha carta ao alcalde de Negreira reclamando o proxecto técnico para comezar o expediente administrativo.

Cómpre destacar o esforzo do Goberno galego na renovación do mapa de infraestruturas de Galicia como demostran os exemplos da vindeira renovación da pista de atletismo da USC (Santiago) cun convenio de colaboración de medio millón de euros; a licitación do módulo cuberto de atletismo en Ribeira (A Coruña); os compromisos da primeira pista homologada da Mariña, en Cervo (Lugo); así como da nova pista da Estrada (Pontevedra); a adxudicación do módulo cuberto do IFEVI en Vigo así como as intervencións na devandita pista de atletismo de Negreira (A Coruña) ou Cangas (Pontevedra); sen esquecer a mellor pista





coverta de España en Ourense na que xa se investiron 4,3 millóns de euros e que con tan só catro anos de vida volverá acoller un Campionato de España Absoluto en 2022".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:19:22
Nº Rexistro: 30639
Data envío: 16/02/2022 11:19:22.046

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:19:19

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21689**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Carlos Francisco Rivera e dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, sobre **"os desequilibrios territoriais en Galicia"**, (publicada no BOPG número 203 do 23 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, con motivo do debate da pregunta 18651 que tivo lugar na sesión do 6 de outubro de 2021 da Comisión 3ª Economía, Facenda e Orzamentos. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ODJiNTE4YjUtYzA4NC00ZWE5LTgwOGUtODg5NWFiMjNkYjIw&start=1440.914>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:19:07
Nº Rexistro: 30637
Data envío: 16/02/2022 11:19:07.781

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:19:05

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 21970**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Martín Seco García e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación da industria do automóbil de Vigo ante a falta de abastecemento de semicondutores"**, (publicada no BOPG número 203 do 23 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da pregunta 21971 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de decembro de 2021. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjRhZGI1YzgtMGUwNS00NzdkLWI0MzltZTMwODgzMjZlYmZk&start=12007>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:19:01
Nº Rexistro: 30636
Data envío: 16/02/2022 11:19:01.343

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:18:58

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 22207**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o despoboamento e a masculinización do rural”**, (publicada no BOPG número 206 do 29 de setembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A aposta do Goberno galego a prol da promoción do rural de Galicia é integral, centrada na fixación da poboación e, ao tempo, nun envellecemento activo e de proximidade, levando os servizos públicos alí onde reside a xente. Ao respecto, unha iniciativa sen precedente é a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, representativa dunha das liñas prioritarias da Consellería do Medio Rural, a recuperación e revitalización do noso rural.

Neste marco, a lei promove a recuperación da terra abandonada ou infrautilizada co obxecto de darlle base territorial a todo aquel que estea interesado en desenvolver actividade agrogandeira na nosa comunidade. Avogando pola recuperación demográfica, pola mellora da calidade de vida da poboación e, como non podería ser doutro xeito, pola anticipación aos lumes forestais.

Así mesmo, cómpre sinalar que dentro das axudas do Plan de Desenvolvemento Rural destacan o apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas, a creación de empresas para as persoas agricultoras mozas e a creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións. En todas elas, dirixidas a fomentar a actividade económica e a fixación de poboación no rural galego, as mulleres benefíciense, dentro dos criterios de priorización, de dous puntos a maiores.





Así mesmo, aínda que se incorporan menos mulleres que homes á actividade agraria, a proporción de mozas incorporadas é superior ao de mulleres beneficiarias de plans de mellora, o cal é indicativo da 'feminización' progresiva da gobernanza nas explotacións profesionais de Galicia e, en consecuencia, no rural galego".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:27:03
Nº Rexistro: 30570
Data envío: 15/02/2022 12:27:03.627

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:27:01

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23383**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o desemprego e a precariedade laboral en Galicia"**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Emprego e Igualdade**, que ten o seguinte contido:

"Galicia pechou setembro de 2021 cun número de afiliados á Seguridade Social maior e unha cifra de parados inferior á rexistrada ao comezo da pandemia. Así, a comunidade galega contaba nese momento con 1.034.229 cotizacións e 153.054 parados fronte ás 1.002.624 afiliacións e 174.481 persoas desempregadas de marzo de 2020.

Nese momento, Galicia acumulaba con esas cifras seis meses consecutivos de baixada de paro na evolución anual, do -13,32% (-23.520 persoas), a maior caída de toda a serie histórica de datos (1996) nun mes de setembro, recuperando as cifras de desemprego anteriores ao comezo da pandemia.

O paro situábase, ademais, a un nivel inferior ao reflectido en setembro de 2008, ao inicio da crise económica hai 13 anos. O desemprego descendía nas catro provincias galegas e nas sete grandes cidades e en todos os sectores económicos, liderando a caída o sector primario (-19,63%), seguido da construción (-18,71%). A cifra de mulleres desempregadas era, ademais, a máis baixa nun setembro desde 2007 e a de menores de 30 anos a menor de toda a serie histórica (maio 2005). O paro tamén descendía nos parados de longa duración.

Con respecto á comparativa co Estado, a baixada rexistrada en Galicia (-13,32%) mantíñase





na media de caída rexistrada no Estado (-13,73%).

En canto á evolución mensual, é un feito habitual que o desemprego aumente no mes de setembro co fin da campaña de verán. Neste sentido, o único sector económico no que aumentaba o desemprego con respecto a agosto era o dos servizos cunha subida do 1,86 por cento. Pola contra, o paro baixou na construción (-1,49%), no sector primario (-1,12 %) e na industria (-0,98%)”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:26:49
Nº Rexistro: 30568
Data envío: 15/02/2022 12:26:49.596

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:26:47

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23459**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as obras de ampliación do Instituto Feiral de Vigo”**, (publicada no BOPG número 213 do 15 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“O 5 de xaneiro de 2021 licítase a obra de edificación Ampliación das instalacións da Fundación Instituto Feiral de Vigo (IFEVI), unha vez que se pode asinar a acta de replanteo ao remitir o concello de Vigo o certificado de posta a disposición dos terreos para a execución das obras. O contrato establece un prazo de execución de seis meses, previndo o plan de obra do proxecto un fito aos 4,5 meses que permitiría a súa posta en servizo provisional.

O 26 de abril de 2021 asinouse a acta de comprobación do replanteo. O cómputo do prazo para a execución das obras iniciouse ao día seguinte, polo que a data de remate contractual quedou fixada no 26 outubro de 2021, co fito parcial sinalado anteriormente para posta en servizo provisional o 11 de setembro de 2021.

Non obstante o anterior, o 27 de agosto de 2021 a empresa adxudicataria do contrato solicitou unha ampliación do prazo de execución, achegando un programa de obras adaptado ao novo prazo proposto:

Os motivos alegados foron que na fase de redacción de proxecto non se puido acceder ás fincas obxecto do expediente de expropiación e tampouco o Estudio Xeotécnico puido tomar datos e características das mesmas, ao non ter conseguido o Concello de Vigo un acordo para a posta a disposición dos terreos sen ter que rematar o expediente expropiatorio. Por





esta razón, foi necesario realizar unha campaña de Ampliación do Estudio Xeotécnico do Proxecto, que recollese e documentase as características do subsolo das parcelas expropiadas. Os datos do estudio xeotécnico final amosaron a existencia xeneralizada dun material de moi mala calidade, que non se puido utilizar nin deixar na parcela, xa que non é competente para o correcto apoio nin da explanada nin da ampliación do pavillón.

Todo isto provocou un importante aumento das escavacións e da retirada de miles de m³ de material inservible e de gran tonelaxe, ademais da obriga de formar novos viarios pedraplenados que permitisen o traballo de camións e maquinaria pesada sen afundirse nos limos e firmes incompetentes cunha notabilísima presenza de auga.

Ademais, segundo o exposto pola empresa, estas actividades, con tránsito de camións de entrada e saída na obra, realizáronse nas semanas de maior vacinación fronte á COVID-19 que se estivo a desenvolver nos pavillóns actuais do IFEVI, sendo necesario dotar dun paso dos vehículos coa xente vacinada a través do recinto de obra.

Todo o anterior tendo en conta e sen poñer en risco o normal funcionamento para desenvolver as actividades que se tiñan que celebrar no resto dos pavillóns do IFEVI.

Os traballos, polo tanto, tivéronse que executar coordinados coas datas que o IFEVI tiña comprometidas, debendo levar a cabo actuacións adicionais de menor índole, para que os diferentes eventos se puidesen desenrolar sen incidencias, como así foi. Isto provocou que os rendementos inicialmente previstos na construción da ampliación fosen moito menores dos estimados no proxecto nun principio.

Cómpre lembrar ademais que a obra se está a desenvolver nun contexto de escaseza a nivel mundial de subministros e de incremento desproporcionado dos custos dos materiais de construción, a pesar do cal aos traballos avanza a bo ritmo.





Destas incidencias na programación da obra foi puntualmente informada a organización da feira Conxemar, de modo que valorou non comercializar o espazo expositivo provisional do novo pavillón. Así, a obra reprogramouse sen este fito parcial, e sempre asegurando a plena operatividade e funcionalidade das instalacións existentes.

O programa de obra actualizado, con estas consideracións, prevé a finalización dos traballos a finais do mes de marzo de 2022”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:08:31
Nº Rexistro: 30437
Data envío: 11/02/2022 13:08:31.824

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:08:29

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Ref. mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 23563**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a valoración por parte do Goberno Galego da execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021, da partida 514A relativa a infraestruturas pesqueiras"**, (publicada no BOPG número 216, do 21 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-décembro de 2021, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.

É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A. Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería





do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

E a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

- 100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria
- 61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos mercados da pesca
- 48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras
- 72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/02/2022 13:01:22
Nº Rexistro: 30802
Data envío: 17/02/2022 13:01:22.114

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 17/02/2022 13:01:18

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23623**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723B, relativa á regulación das producións e dos mercados da pesca"**, (publicada no BOPG número 216 do 21 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.





É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A. Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

- 100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria
- 61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos





mercados da pesca

- 48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras
- 72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:08:16
Nº Rexistro: 30435
Data envío: 11/02/2022 13:08:16.012

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:08:13

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 23626**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e don Julio Torrado Quintela, sobre **"a execución orzamentaria do segundo trimestre do ano 2021 da partida 723C, relativa ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca"**, (publicada no BOPG número 216 do 21 de outubro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

"Preto do 74% do orzamento ca Consellería do Mar destinada a liñas de investimento que se poñen a disposición da cidadanía, en forma de axudas e melloras en todo o ámbito da cadea mar-industria, son fondos FEMP.

Para executar estes fondos é preciso facelo con arranxo ás normas da normativa comunitaria e tamén á normativa estatal e autonómica sobre subvencións e uso dos fondos comunitarios.

Polo tanto, é preciso acudir á convocatoria pública de axudas, que ademais debe facerse, na inmensa maioría dos casos, en concorrencia competitiva.

Na Consellería do Mar trabállase por unha parte, para poder adiantar ao máximo posible a publicación das convocatorias de axudas e subvencións e, por outra parte, reducir os tempos da instrución dos procedementos.

A maioría das convocatorias de subvencións da Consellería do Mar redáctanse por anticipado de gasto o que permite que se publiquen as ordes de convocatoria de axuda entre os meses de decembro e de xaneiro.





É dicir, xa a comezos de ano, a maior parte dos fondos están dispoñibles, e están na fase A. Agora ben, é evidente que hai que outorgar un prazo para a presentación dos proxectos, máis o tempo para analizar os mesmos e requirir a subsanación de erros ou de falla de documentación por parte das persoas solicitantes destas ordes de axudas.

Como ben saben, son moitos os requisitos esixidos polo propio fondo FEMP que dificultan o traballo duns e doutros, de administrados e administradas e da propia administración, e dende a Consellería do Mar sempre avogamos e solicitamos a simplificación do fondo en beneficio de todos os axentes implicados e, o máis importante en beneficio dos galegos e galegas que solicitan e precisan destas axudas.

Polo tanto non é ata finais de xuño ou mesmo en xullo cando se poden resolver a maior parte das axudas de investimentos, o que é máis que razoable tendo en conta o número e importancia técnica dos expedientes presentados.

É a partir de aquí hai que dar prazo para a execución dos investimentos por parte das persoas solicitantes, que son xa a finais de ano e, no caso dos proxectos importantes con axudas plurianuais mesmo ata o ano seguinte.

Todo isto fai ver que evidentemente se por execución consideran a situación en OK dun expediente, no segundo trimestre non é posible no caso de axudas a particulares, debido precisamente ás esixencias da propia tramitación.

Así, a 31 de decembro de 2021, as porcentaxes da disposición ou compromiso do gasto co sector en relación co crédito inicial, foron as seguintes:

- 100 % do programa orzamentario 513 A correspondente a construción, conservación e explotación portuaria
- 61,10% do programa orzamentario 723 B correspondente a regulación das producións e dos





mercados da pesca

- 48,02% do programa orzamentario 514 A correspondente a infraestruturas pesqueiras
- 72,32% do programa orzamentario 723 C correspondente ao desenvolvemento sostible das zonas de pesca".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:07:48
Nº Rexistro: 30432
Data envío: 11/02/2022 13:07:48.263

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:07:45

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24798**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións do Goberno galego para levar a cabo un modelo de xestión gratuíto do aparcadoiro do hospital Gran Montecelo"**, (publicada no BOPG número 228 do 17 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

"Para o aparcamento do Gran Montecelo estanse a avaliar alternativas de desenvolvemento que permitan a posta a disposición de novas prazas de aparcamento para os usuarios do hospital no prazo máis breve posible, mesmo antes da execución da 2ª fase das obras do hospital".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/02/2022 13:07:14
Nº Rexistro: 30429
Data envío: 11/02/2022 13:07:14.983

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/02/2022 13:07:06

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 24882**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Rosana Pérez Fernández e don Luís Bará Torres, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia da actividade mineira en San Finx, en Lousame, e do cumprimento por parte das instalacións de toda a normativa vixente que lle atinxe"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, con motivo do debate da interpelación 24884 que tivo lugar na sesión plenaria do 10 de decembro de 2021. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MjRhZGI1YzgtMGUwNS00NzdkLWIOMzltZTMwODgzMjZlYmZk&start=8144> ".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 11:18:33
Nº Rexistro: 30632
Data envío: 16/02/2022 11:18:33.656

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 11:18:31

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25086**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Carme González Iglesias e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a crítica situación que atravesamos o estaleiro Barreras e sobre o perigo de desagaxamento da empresa"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta foi atendida na intervención do director do Instituto Galego de Promoción Económica, con motivo do debate da pregunta 26704 que tivo lugar na sesión do 28 de xaneiro de 2022 da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo. O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZTQ4YWI3ZWMtMzJiOS00NDA4LTk0MzAtMjJlNGNiNTA3MDdk&start=1664>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/02/2022 12:58:54
Nº Rexistro: 30691
Data envío: 16/02/2022 12:58:54.322

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 16/02/2022 12:58:51

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25127**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o recoñecemento do dereito do persoal ao servizo da administración de Xustiza ás percepcións por traxectoria profesional"**, (publicada no BOPG número 232 do 24 de novembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"Unha das melloras previstas no acordo trala folga de 2018 era o compromiso da Xunta de Galicia de articular a implantación dun sistema de carreira profesional, no marco legal que lles é propio aos funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, sistema de carreira profesional que a día de hoxe non desenvolveu o Ministerio de xustiza e as CCAA no seus territorios.

A tal fin, o 10 de xuño de 2020, a Dirección Xeral de Xustiza asinou coas organización sindicais SPJ-USO, UGT e CC.OO o Acordo que establece o sistema de carreira profesional do persoal da Administración de Xustiza galega, ao igual que a Xunta xa fixera co persoal do SERGAS e mais co de Administración xeral.

Este acordo extraordinario para o persoal de xustiza que depende da Xunta fíxose, como é lóxico, con parámetros semellantes ao de Administración xeral, quedando inicialmente excluído o persoal interino, dicindo respecto do seu ámbito subxectivo que 'Unha vez acadado o acordo necesario na Mesa Xeral de Negociación da Función Pública de Galicia, ao persoal interino ao servizo da Administración de Xustiza aplicaráselle o sistema de recoñecemento da traxectoria profesional nos mesmos termos que se establezan para o





persoal interino da Administración xeral da Xunta de Galicia', razón pola que debemos estar ao acordo da Mesa Xeral para logo trasladalo ao ámbito de xustiza.

Por iso e a semellanza das sentenzas que recaeron sobre o acordo de Administración xeral as de xustiza tamén foron recorridas ao Tribunal Supremo, estándose á espera da resolución do alto tribunal e mentres o acordo sigue vixente nos seus propios termos.

Por último as decisións sobre a traxectoria profesional serán vistas en mesa sectorial, logo da comisión de seguimento do acordo de fin de folga, por ser esta materia un dos pactos acadados no acordo; desta comisión de seguimento son parte as organizacións sindicais asinantes e todas as que se queiran adherir ao acordo".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:26:29
Nº Rexistro: 30565
Data envío: 15/02/2022 12:26:29.753

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:26:27

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25270**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a necesidade de incremento do persoal na Administración de xustiza en Galicia"**, (publicada no BOPG número 236 do 1 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"O número de prazas vacantes dos órganos xudiciais e fiscais vai parello a súa cobertura a través dos concursos de traslados para o caso de prazas sen titular ou aquelas outras de nova creación; tamén a través doutras figuras provense as desocupacións temporais para os casos en que a praza teña titular, estas son a comisión de servizos, a substitución ou a cobertura con persoal interino.

En primeiro lugar no que atinxe ao número de prazas vacantes desocupadas, o procedemento ordinario, principal e definitivo de cobertura, consiste no concurso de traslados que se debe convocar de xeito conxunto en todo o Estado e na mesma data, debido ao carácter de corpos nacionais dos funcionarios da Administración de xustiza (artigos 531 e 470 da LOPX); as prazas que non foron cubertas no concurso de traslados pasan a ter a consideración de desertas e son comunicadas ao Ministerio de Xustiza para seren tidas en conta na elaboración da oferta de emprego público, pois esta oferta, como tamén a convocatoria dos procesos selectivos lle corresponde ao Ministerio (artigo 482 da LOPX).





En segundo lugar, para o suposto de desocupacións temporais en que a praza ten titular, o tempo de cobertura varia en función da situación de desocupación, pero sempre cun tempo mínimo de tramitación produto dun proceso regulado e rexido polos principios de publicidade e transparencia; así determinadas prazas deben ser ofertadas a substitución entre persoal de carreira co seu debido proceso e prazos de publicidade e adxudicación e, subsidiariamente, cando non existan solicitudes válidas de titulares mediante persoal interino; outras ligadas a incapacidades temporais son ofertadas en función do tempo previsible de desocupación.

En definitiva, o dato de desocupación é dinámico e obedece a xubilacións, decesos, incapacidades temporais ou permisos a tempo total (liberacións sindicais), con carácter xeral, o que determina que mentres non se poida proceder á súa cobertura mediante o procedemento de concurso, débese acudir aos outros procedementos tamén regrados e previstos: substitucións e comisións de servizos entre persoal funcionario de carreira, así como, subsidiariamente, a través de persoal interino, procedementos que determinan o índice de rotación”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:26:09
Nº Rexistro: 30562
Data envío: 15/02/2022 12:26:09.769

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:26:06

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25476**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o cumprimento do Plan de Infraestruturas xudiciais 2010-2015"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A planificación do 2009 como recollía o expositivo do plan trata dunha proxección, por iso a Xunta de Galicia xunto coa proxección de cargas de traballo e necesidades de novos órganos, tivo en conta diferentes ao longo destes anos pasados os proxectos de revisión da propia estrutura da demarcación territorial xudicial, de innovación de figuras organizativas como os tribunais de instancia, ou do re-deseño do Rexistro Civil.

En todo caso, realizáronse finalmente máis proxectos dos inicialmente previstos no Plan, acometéndose obras que inicialmente non estaban no plan (como a rehabilitación integral do edificio xudicial de Viveiro, a construción da sede do Servizo de Actos de Comunicación e Execución de Vigo, e mesmo se están a dar os pasos para construír en Santiago unha sede de referencia do Instituto de Medicina Legal de Galicia). E no que atinxe á Estrada, logo da cesión dun solar por parte do Concello en 2021, a construción dun novo edificio permitirá agrupar as dúas sedes actualmente separadas.

En definitiva, desde a posta en marcha deste plan, a achega da Xunta de Galicia a este en





XUNTA
DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
XUSTIZA E TURISMO



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:25:52
Nº Rexistro: 30560
Data envío: 15/02/2022 12:25:52.816



Xacobeo 21-22

grandes obras superou os 120 millóns de euros, o maior investimento na Administración de Xustiza desde que a comunidade galega administra as súas competencias”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/02/2022 12:25:52
Nº Rexistro: 30560
Data envío: 15/02/2022 12:25:52.816

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 15/02/2022 12:25:49

CSV: BOPGDSPG-BIU2MC3J-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 25846**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o proceso de renovación do Convenio en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais para o desenvolvemento dos grupos de emerxencia supramunicipais"**, (publicada no BOPG número 239 do 10 de decembro de 2021), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro 2021, teño a honra de trasladarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"De acordo co previsto na Lei 5/ 2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia e na Lei 5/1997 de administración local de Galicia e na propia Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local (artigo 36), correspóndelles ao órganos de goberno provinciais garantir a prestación do servizo de protección civil e xestión de emerxencias, incluídos os servizos contra incendios e de salvamento, naqueles municipios que non contén con servizos propios, por non resultaren obrigados ou por teren obtida a dispensa deles.

Entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante a subscripción de convenios.

Para dar cumprimento ao anterior, a Xunta de Galicia, as Deputacións Provinciais e a FEGAMP acordaron no ano 2013 a creación dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais (GES) que complementan a atención das emerxencias e extinción de incendios forestais, xunto cos parques de bombeiros municipais e os parques de bombeiros comarcais, de forma que cobren zonas desprovistas de servizos de emerxencia, cun ámbito de actuación superior ao





municipal, sen que os límites administrativos das provincias supoñan obstáculos á hora de intervir en zonas perimetrais ás sedes de localización dos ditos grupos.

Durante os tres anos de vixencia do convenio (2018-2021) a Comisión de Seguimento prevista no convenio e na que están representadas as deputacións provinciais e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) reuniuse a instancia de calquera das partes todas as veces que se considerou necesario.

Na orde do día da reunión da Comisión de seguimento do 20 de outubro de 2021 incluíuse como punto específico a renovación do convenio. En dita reunión unicamente a Xunta de Galicia realizou propostas para mellorar a atención a emerxencias completando todos os GES con 12 efectivos, incrementando as achegas económicas e equiparando o financiamento dos servizos municipais incluídos no convenio aos GES, ademais de crear un subGES no Grove. Estas propostas foron obxecto de debate en futuras reunións ata chegar a acordo para dar continuidade ao convenio.

